



ACTA Nº 2022/9

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELO DE CEE, venres 29 de xullo de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
CONCELLEIROS/AS:
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA M ^a TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA
M ^a VICTORIA AREAS POSE
AGUEDA DÍAZ MEJUTO
PILAR IGLESIAS LEMA
CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO
CÉSAR F. PÉREZ MARTÍNEZ
SECRETARIA
ROCÍO HERMIDA CANCELA
AUSENTES: (Escusan ausencia)
RAMÓN VIGO SAMBADE
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
INTERVENTORA ACUMULADA
EMILIA GARCÍA MANEIRO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- **Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2022.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes na sesión (10 concelleiros/as).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



INCIDENCIA

Fai entrada no Salón de Plenos D^a Águeda Díaz Mejuto

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

2. Proposta da alcaldía relativa á adhesión á Declaración en defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas. Expediente Nº: 2022/X999/000129.

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día xoves 21 de xullo de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa á adhesión á Declaración en defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas. Expediente Nº: 2022/X999/000129.”

Considerando a seguinte Proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: Proposta sobre a adhesión á Declaración en defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas.

EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000129.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de cee, visto o certificado remitido pola entidade Costa da Morte Asociación de Turismo (CMAT), ao respecto da adhesión á “Declaración sobre la Defensa del Cielo Nocturno y el Derecho a la Luz de las Estrellas”, na que se fai constar que en dita Declaración, emanada da “I Conferencia Internacional Starlight” (2007), e en cuxa elaboración participaron representantes de UNESCO, OMT, IAU, IAC, Programa MaB e Convención Ramsar, ademais de outros organismos internacionais, se conteñen os principios e reflexións que levan a considerar o Ceo Nocturno coma un patrimonio de todos e se expoñen as recomendacións para protexelo e valoralo coma un ben científico, cultural, medioambiental e turístico de primeira magnitude.

Seguen explicando que con esta Declaración iníciase unha campaña internacional, xestionada pola Fundación Starlight, en defensa da calidade dos ceos nocturnos e o dereito á observación das estrelas, aberta á participación de todas as institucións, públicas e privadas, asociacións científicas, culturais e cidadanas, relacionadas coa defensa do ceo nocturno.

Pretende así reforzar a importancia que os ceos limpos teñen para a Humanidade, realzando e dando a coñecer o valor que este patrimonio, en perigo, posúe para a ciencia, a educación, a cultura e o turismo. Así tamén, destacase o dereito a un ceo nocturno non contaminado como factor de calidade de vida, axudando a difundir os beneficios directos e indirectos, tecnolóxicos, económicos e culturais, asociados á observación das estrelas.

Tendo en conta o exposto e vista a competencia do Pleno, propónse a este, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego, a adopción do seguinte **ACORDO**:



Exp. 2022/G010/000009

Primeiro: Adhesión do Concello de Cee á “Declaración en Defensa del Cielo Nocturno y el Derecho a la Luz de las Estrellas”, asumindo como propios os obxectivos contidos na mesma.

Segundo: Autorizar á Alcaldesa-Presidenta da Corporación para as actuacións necesarias para a súa formalización e remisión deste acordo

Asinado dixitalmente
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese a votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente por unha abstencións do BNG e 6 votos a favor dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍOHERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta xa foi tratada na comisión correspondente.

Sr Domínguez Louro: o noso voto vai ser favorable coincidimos plenamente coa exposición que se fai sobre o motivo da votación, so pois dicir que si os mega-parques eólicos que ameazan o noso territorio si vai adiante todo esto que pon aqui vai ser palabra valeira porque todos eses mamotretos de ferro levan consigo sinais luminosas que en fin, pois desfarían dunha plumada este texto polo tanto xa digo si alguén está a favor deles sería mellor que non votase a favor.

-----VOTACIONES-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/las asistentes á sesión, (11 concelleiros/las).

- 3. Proposta da alcaldía relativa á adhesión ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e Medidas Anti-Fraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR) e de encomenda de xestión da análise de riscos. Expediente Nº: 2022/X999/000138.**

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día xoves 21 de xullo de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“3. Proposta da alcaldía relativa á adhesión ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e Medidas Anti-Fraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR) e de encomenda de xestión da análise de riscos. Expediente Nº: 2022/X999/000138.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA



ASUNTO: ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DE ENCOMENDA DE XESTIÓN DA ANÁLISE DE RISCOS.

EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000138

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2022, aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), cuxa publicación obra no BOP de data 4 de xullo de 2022, en concreto, o referido ao 2º GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios con delegación da función de avaliación de riscos, que literalmente expresa:

“B.) 2º GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios con delegación da función de avaliación de riscos.

A adhesión a este segundo grao poderá acordarse polos concellos e outras entidades locais de ata 10.000 habitantes.

Neste nivel os concellos e outras entidades locais destinatarias, ademais de adoptar o acordo de adhesión ao PLAN PREMADECOR, poderán encomendar á Deputación a xestión das funcións de avaliación de riscos en cada un dos expedientes de gasto nos que exista financiamento do PRTR.

A encomenda desta xestión requirirá un acordo expreso do Pleno da Corporación, adoptado pola maioría do número legal de membros que compoñen a corporación e posterior aceptación por parte do Pleno da Deputación da Coruña, publicándose posteriormente dito acordo no Boletín Oficial da Provincia.

O modelo de acordo a adoptar e bases da delegación desta funcións incorpórase como Anexo C.1 (...).”

Resultando que a aprobación deste Plan e a posta en funcionamento dos mecanismos anti-fraude que se describen no mesmo, teñen como finalidade darlle debido cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, lle impón a España e ao conxunto dos estados membros en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea como beneficiario dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), pois toda entidade, ben sexa decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispor dun plan de medidas anti-fraude, de xeito que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes téñense utilizado de conformidade coas normas aplicábeis, en concreto, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e o conflito de intereses.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** o **PLENO** da CORPORACIÓN, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Adherirse ao **PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR)**, aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Ao abeiro da regulación contida no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público, encomendar á Deputación da Coruña a realización da actividade técnica consistente na análise previa de riscos nos proxectos de gasto que estean financiados con fondos procedentes do PRTR da Unión Europea, aceptando as bases aprobadas para esta encomenda de xestión polo Pleno da Deputación da Coruña, na sesión que tivo lugar o día 23 de xuño de 2022, co seguinte contido:



“BASES PARA ENCOMENDA DE XESTIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA DA ANÁLISE PREVIA DE RISCOS EN PROXECTOS DE GASTO CON FINANCIAMENTO DO PRTR DA UNIÓN EUROPA

.Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña, instando a elaboración da análise previa de riscos.

1. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.
2. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.
3. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello encomendante, para que proceda ao seu informe e aprobación,
4. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

PREMADECOR: Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña

PRTR: Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

CADECOR: Comité anti-fraude da Deputación da Coruña.”

Sométese a votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por 2 votos a favor do grupo político e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta xa foi explicada na comisión correspondente é adherirse o premadecor de risco e medidas antifraude é de carácter obrigatorio para solicitar calquera tipo de subvención a nivel europeo, é necesario a maioría absoluta do pleno.

Sra Iglesias Lema: pois pola nosa parte, nos o noso grupo pensa está decindo que necesita maioría absoluta tiñamos pensado absternos porque como xa temos unha experiencia previa negativa do que mandaron para Deputación o noso voto en principio vai ser abstención, evidentemente pensamos que ca nosa abstención non se ía interromper nada, si nos esta decindo que ten que ser maioría absoluta non vamos ser nos os que frenemos que veñan subvencións de europa ou o que sexa evidentemente pero a nosa intención era absternos, que seguise o seu curso pero bueno si o noso voto vai perxudicar votaremos a favor

Sra alcaldesa: necesita maioría absoluta senon teriamos que interromper unhas solicitudes de subvencións.

Sra Iglesias Lema: quede claro que é por eso xustamente nada mais



-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión (11 concelleiros/as).

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS

4. Proposta da alcaldía relativa á Aprobación Inicial Suplemento de Crédito Nº 5/2022 coa finalidade de acometer a obra: “Pista multideporte na escola unitaria de Pereiriña-Bermún”.

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día martes 26 de xullo de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta alcaldía relativa á Aprobación Inicial Suplemento de Crédito Nº 5/2022 coa finalidade de acometer a obra: “Pista multideporte na escola unitaria de Pereiriña-Bermún”.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Inicial Suplemento de Crédito Nº 5/2022 coa finalidade de acometer a obra: “Pista multideporte na escola unitaria de Pereiriña-Bermún”.

EXPEDIENTE Nº: 2022/T002/000025

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, á vista do resultado da liquidación do orzamento municipal para 2021, da Memoria Xustificativa do Suplemento de Crédito que obra no expediente, e o Informe de Intervención en sentido favorable con salvedades.

Xustifícase pola concesión dunha subvención por parte da Xunta de Galicia para a realización dunha obra, na que parte ten que ser financiada polo Concello de Cee e dado que o orzamento do exercicio 2020 prorrogado para 2022 non contén créditos dispoñibles suficientes na vinculación xurídica para facer fronte a estes gastos sen comprometer os gastos ordinarios do Concello na súa normal execución, faise necesario incoar este expediente de modificación de crédito.

Asemade, o devandito gasto non pode demorarse a exercicios posteriores, dado o prazo de xustificación da subvención concedida pola Xunta de Galicia remata neste exercicio 2022, polo que improrrogablemente ten que realizarse neste exercicio 2022. Así estes condicionantes fan imprescindible a súa realización no exercicio corrente.

Consta no expediente 2022/A008/000035 a concesión por parte da Xunta de Galicia dunha subvención de importe de 63.750,00 € para acometer a obra de “Pista multideporte na escola unitaria de Pereiriña-Bermún”, cun orzamento total de 111.687,80 €, polo que a aportación municipal ascende a 47.937,80 €.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO ao PLENO da CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Suplemento de Crédito Nº 5/2022, e en consecuencia, destinar **47.937,80 €** do remanente para gastos xerais a incrementar as seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
340/619.00	47.937,80 €	Admon xeral do deporte, inversión.
TOTAL	47.937,80 €	

SEGUNDO.- Aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Entenderase definitivamente aprobado polo Pleno do Concello, de non existir reclamacións no prazo outorgado, logo da súa publicación definitiva. En caso de existir reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente por unha abstención do grupo político BNG e 6 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.”

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: tamén foi tratada na comisión correspondente e como expliquei é unha subvención que foi concedida para unha pista polideportiva para Pereiriña, subvencionan o 75 % , 63750 euros a contía máxima e o importe son sobre 111687,80 euros cunha aportación municipal de 47937 euros,

Sra Iglesias Lema: pola nosa parte evidentemente como dixen na comisión non vou ser eu a que diga que non a pista en Pereiriña evidentemente, o outro día comentou que como era que foi unha subvención moi rápida a primeira vez que se pedía porque era pista titularidade municipal, sabemos que hai outros de titularidade municipal, teño entendido que houbo algunha polémica que sempre hai en política porque si uns pediron antes que outros, si foi verdade si nos pode comentar algo

Sra alcaldesa: a subvención vai por orde de entrada os primeiros que presenten son os que teñen prioridade para acadar a subvención, a titularidade municipal do terreo a única que coñezo e teñen pista polideportiva é en Pereiriña, non coñezo, ten que estar vinculada a unha escola unitaria ou colexio non vale calquera pista, tiñamos escola unitaria de Pereriña ou Brens, en Brens non é posible temos un polideportivo

Sra Iglesias Lema: unha dúbida, Ameixenda?

Sra alcaldesa: non hai escola unitaria , ten que habela e estar aberta

Sra Iglesias Lema: o colexio Euxenio López?

Sra alcaldesa: no colexio Euxenio López podería ser, pero teríamos que ter as autorizacións, o terreo é da consellería, optamos por ter a titularidade municipal porque podíamos, creo que de toda comarca a única que foi concedida foi en Cee pola prioridade en que presentamos a documentación



Exp. 2022/G010/000009

correspondente, para o próximo ano si sae de novo a subvención, podemos optar para o tema de Euxenio López xa temos mais experiencia e permisos a pedir.

Sra Iglesias Lema: o noso voto vai ser a favor

Sr Domínguez Louro: eu simplemente vamos votar a favor por suposto e dicir que para o ano si é posible que se teña en conta Euxenio López e Fernando Blanco si é posible porque ademais alí é bastante usada a de Fernando Blanco e hai moitísima actividade os ratos de ocio da rapazada e tamén sería bo arranxala e darlle un novo aspecto aquela pois iso si podemos ser previsores para o ano e telo arranxado sería moitísimo mellor

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión(11 concelleiros/as).

A Sra alcaldesa introduce por urxencia a Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do PROXECTO MODIFICADO Nº 3 DE: POSTA EN MARCHA DAS DEPURADORAS DE ESTORDE E AMEIXENDA-CEE (A CORUÑA) , que xa foi remitida por correo electrónico, explica a urxencia, o modificado xa foi aprobado nunha sesión plenaria, remitimos a documentación e nos mandan corrixir uns erros no proxecto que van detallados no correo electrónico, xa fixeron as correccións polo técnico e traemos a súa aprobación para remitir novamente.

Resulta ratificada a **URXENCIA** por unanimidade dos presentes.

-----INTERVENCIONS-----

Sr Domínguez García: esas premuras tanto na anterior coma nesta parece un pouco unha falta de respecto a oposición porque Vde non perdiu de sacar un tema adiante pola oposición, tanto o de antes pudose haber consultado, polo menos informar a oposición e no caso de hoxe tres cuartos do mesmo hai un mes que aprobamos esto e agora a premura porque sinon tiña que quedar para o pleno de agosto

Sra alcaldesa: Queda para agosto

Sr Domínguez García: Unha obra que tiña que estar lista e si fou rechazada na Deputación polo menos ser informados ainda que non fora nunha comisión oficial, decirnos o reformado nº 3 que xa é o nº 3 recharazaron e agora imos ter que modificar esto e isto, por sabelo que non che caiga de repente estas cousas, non me gustaron nunca nin estando na o nin estando no goberno e non tendo maioría menos

Sra alcaldesa: Cando se remitiu o correo acababa de comentar por

Sr Domínguez García: Habia un mes

Sra alcaldesa: No, esto no lo remitiron antonte

Sr Domínguez García: O 27 de xuño informe desfavorables

Eu: Nos remitiron antonte

Sr Domínguez García: Dende o 27 de xuño sabemos que rechazaron o proxecto

Eu: Por ese rechazo redactamos un novo e o informe favorable veu este mércores

Sr Domínguez García: Para aprobar o reformado tivestes coñecemento de rechazo antes ou fixose nun día

Sra alcaldesa: Fixose no tempo que veu rechazado ata agora,

Sr Domínguez García: Podíase nos haber comentado e saber, porque nun pleno aprobamos o reformado nº 3 e agora outra vez o reformado 3 outra vez.



Exp. 2022/G010/000009

Sra alcaldesa: Si non queredes queda para o mes de agosto

Sr Domínguez García: Non se trata de si queremos ou non, que se nos teña informado a oposición que creo que o merecemos

Sr Domínguez Louro: coincido co concelleiro do PP esta premura si é así ese mes que pasou haberia maneira de facer as cousas e ternos informado, non vamos opoñernos a que vaia esa obra adiante porque e sumamente necesaria e so engadir o que dixen noutras ocasións que ogalla sexa a ultima intervención nesas depuradoras, a mesma persoa encargada deste proxecto, facia mención a que o problema das depuradoras era falta de mantemento e coidado, si esta inversión vai rematar coas depuradora sen funcionamento e despois se lle fai un mantemento adecuado benvido sexa senon estaremos dentro de pouco outra vez falando aqui doutra reforma nas depuradoras etc etc, algún día habería que sumar a cantidade de diñeiro que levamos gastado nas depuradoras parroquiais nos últimos dez anos, seguramente votariamos as mans a cabeza, si facemos un bo mantemento vai sair mais rentable a curto prazo xa, para non terque estar sempre invertindo diñeiro nelas esta intervención xa fixen noutras ocasións non por reiterala que non quede aí, o facemos para insistir ainda que parezamos pesados.

Considerando a:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación do PROXECTO MODIFICADO Nº 3 DE: POSTA EN MARCHA DAS DEPURADORAS DE ESTORDE E AMEIXENDA- CEE (A CORUÑA)

EXPEDIENTE N.º: 2021/C003/000016.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando os seguintes

ANTECEDENTES:

- Proxecto orixinal aprobado en sesión plenaria .
- Proxectos reformados.
- Acordo da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2021 de aprobación do proxecto reformado 2.
- Expediente Contratación Nº 2021/C003/000016.
- Acordo da Xgl 21 de decembro de 2021 de adxudicación do contrato da obra: Posta en marcha das depuradoras de Estorde e Ameixenda. Modificado 2. Expte 2021/C003/000016, a favor BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL
- Formalización do contrato o 30 12 2021.
- Acordo da Xunta de Goberno Local de paralización da obra e orde de redacción de modificado.
- Proxecto Reformado 3 con RE 202299900000439 de data 23 de marzo 2022.
- Escrito do Director de obra asinado o 8 de marzo de 2022.
- Conformidade do adxudicatario e Director de obra (redactor dos proxectos iniciais) coa sinatura de ambos no proxecto nº 3 reformado.
- Informe técnico municipal.
- Informe conxunto de Secretaría e Intervención.
- Requirimento Deputación.
- PROXECTO MODIFICADO Nº 3 DE: POSTA EN MARCHA DAS DEPURADORAS DE ESTORDE E AMEIXENDA" CEE (A CORUÑA) con NRE 202299900001059 de data 13 de xullo.



Exp. 2022/G010/000009

Pola presente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o **PROXECTO MODIFICADO Nº 3 DE: POSTA EN MARCHA DAS DEPURADORAS DE ESTORDE E AMEIXENDA” CEE (A CORUÑA)** con NRE 202299900001059 de data 13 de xullo de 2022 redactado por D. Joaquín Alvarez Portela, Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos Colegiado nº 10 603.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo mediante a correspondente Certificación Plenaria a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma habilitada SUBTELL.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

[Documento asinado electrónicamente]”

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión. (11 concelleiros/as)

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

5. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

Da Nº 623/2022 do 5 de xullo á Nº 710/2022 do 21 de xullo.

Quedan enterados/as.

6. Mocións de urxencia.

Non se producen.

7. Rogos e preguntas.

Sr Domínguez García: insistindo no que dicía o outro día con respecto o Plan Xeral (en adiante PX) e da oficina técnica dicía que era importante sacar adiante o PX porque o técnico que había marchou agora parece ser que hai unha arquitecta contratada, xente nova que descoñece o plan que o noso é antigo, non sae unha licenza polo que me chega, nin permiso nin nada de nada, entón importantísimo o PX porque é mais fácil ou entendo que será mais fácil si se fai ben, dar licenzas, e senón de algunha forma hai que facer para desatascar a oficina técnica porque os expedientes polo que teño sabido chegan o teito, o outro día queixábase a concelleira de servizos sociais que non había pasta eu cando vexo eses expedientes vexo cartos, diñeiro parado, aparte que se para a actividade económica non concello, tampouco se recada, mentras non se consegue redactar o plan, contratar alguén con experiencia, que sexa capaz de sacar para adiante as licenzas porque eu sei de moitos que desistiron que non van construír polo tempo que lle tarda, mire que llo estou dicindo coa mellor vontade e intención do mundo, parar a oficina técnica é o peor para o concello e o pobo porque se para a actividade económica e non se recada, porque hai moito diñeiro aí en proxectos, e respecto o PX gustaríame saber, gustaríame que a Interventora me fixera un informe si se está cumprindo o que



Exp. 2022/G010/000009

marca o prego e aplicando as sancións adecuadas a empresa e non inda premiando dándolle obras e dirección de obra a unha empresa que está incumprindo totalmente gustaríame ter un informe da interventora por si se lle está aplicando as medidas que marca o prego e sancións por incumprimento totalmente porque si non se saca para adiante o PX non será pola oposición, que non frea nada en absoluto. Centro comercial está paralizado parece ser que hai xente que quer alugar pero non hai forma de alugar, algún xeito hai que dar, o mercado municipal empezamos cun proxecto quedou parado, estamos terminando a lexislatura non falta nin un ano e vai acabar o ano co 90% do programa sen cumprir, llo digo porque son cousas necesarias e importantes para o concello.

Sra alcaldesa: empezo polo final, mercado municipal é certo que fixemos aquel estudo estamos coa tramitación dunha subvención europea que termina o prazo o día 5 de agosto, se solicita en base o estudo ese que se presentou, con relación o centro comercial, falei varias ocasións co xerente e nun principio había convocado unha reunión para o día 30 de xuño, a cancelou el, a cambiou para o 31 de xullo, e me acaban de notificar esta semana pasada que a volveu a cambiar para o 11 de setembro, é dicir cando estamos chegando a data o xerente cambia de novo a fecha a convocatoria da reunión porque está avisado senón a convocarían dende o concello porque ten o quórum respecto o aluguer dos locais, a xente pode facelo sen problema presentan a solicitude, se fixo a valoración correspondente polo técnico do custe do aluguer, fan a solicitude e tramitan.

Sr Domínguez García: pero disque hai uns problemas tremendos

Sra alcaldesa: non hai ningún tipo de problema

Sr Domínguez García: respecto a reunión pode convocala usted e o xerente quen o saca e mete e a comunidade de propietarios

Sra alcaldesa: eu podo solicitar que convoque pero quen convoca é o presidente, e xa lle dixen que ía convocar e cando llo dixen convocouna el para o 30 de xuño, cando chegou a data uns días antes, cambia a data e puxo para xullo e agora que tiñamos en xullo volve a cambiar para o 11 de setembro, eu podo facer a solicitude pero me vai dicir que está convocada para o 11 de setembro.

Sr Domínguez García: levamos 4 anos con iso, que si hai que destituílo se destitúe si hai que cambiar o presidente se cambia, temos maioría

Sra alcaldesa: pero co procedemento establecido, coa convocatoria correspondente que convoca el, non convoca o concello.

Sra Iglesias Lema: no pleno de 25 de marzo dixo que quedou de falar con Vde e senón lle chamaba o ía convocar agora xa fala que a primeira foi en xuño cando dixo 15 días dende o 25 de marzo, si interesase non tardaría tanto no tempo

Sra alcaldesa: están todos os correos, requirimento, está todo aí

Sra Iglesias Lema: cando cambia a reunión fai por escrito?

Sra alcaldesa: si todo por escrito

Sr Domínguez García: o problema é que cando queiramos poñer remedio non se pode

Sra alcaldesa: non teño problema de convocar unha comisión e falar de toda a tramitación que se segue

Sr Domínguez García: pois convoque a comisión

Sra alcaldesa: e falamos da situación real do centro comercial e as débedas que teñen co concello

Sr Domínguez García: entendo que é unha cousa importantísima, é a propiedade mais grande que ten o concello

Sra alcaldesa: convocamos unha comisión e aclaramos todos os puntos e escoito as propostas que teñades en relación a eso.

INCIDENCIA

A Sra Trillo Lojo abandona o Salón de Plenos.



Exp. 2022/G010/000009

Sra Iglesias Lema: polo tema das terrazas porque xa comentou o outro día o compañeiro Serxio que non hai unha ordenanza específica nin cando estabamos nos, si que houbo petición da policía local non se fixo debe ser a mesma de contedores ou andamios, pero Vde agora mandou unha circular a todos os propietarios dos bares que non a critico para nada que teñen que manter as terrazas limpas para manter o pobo limpo pero o que pasa é que evidentemente a súa terraza ten que mantela limpa pero logo non hai un mantemento na terraza de limpeza coma no resto do pobo cando se limpan as calles, porque hai terrazas que non o teñen, eu recórdolle a Vde porque nunha reunión cos hostaleiros e nun pleno falando xustamente diso que hai protestas polos que pagan e os que non, os que teñen en privado non as van pagar e comentou que tampouco se lles ía limpar o que pasa agora é que é verdade que teñen que mantela limpa pero o mantemento da limpeza do pobo deberían telo igual e agora mesmo non o están tendo.

Sra alcaldesa: as terrazas pola mañá as están barrendo o servizo de limpeza viaria, se están barrendo despois de vez en cando xa lle dixeran que a deixen recollida para unha limpeza mais a fondo pero todos estes días están barrendo

Sra Iglesias Lema: ten claro que as limpan estes días?

Sra alcaldesa: estes días as terrazas as está barrendo outras que están pechadas non evidentemente, si están pechadas están pechadas pero as outras se están barrendo

Sra Iglesias Lema: neste Concello agora mesmo hai alguén, páganse horas extras?

Sra alcaldesa: se compensan con tempo, a xente que faga horas se compensan con tempo

Sra Iglesias Lema: e os traballadores do concello que traballan fora do horario laboral si lles pasa algo utilizando un vehículo do concello un camión, están cubertos polo concello?

Sra alcaldesa: evidentemente, están facendo traballos para o concello

Sra Iglesias Lema: de noite incluso, as 24 h do días

Sra alcaldesa: claro si teñen que facer algunha reparación teñen que atendelo.

Sra Iglesias Lema: pero Vde non ten brigada, cal é o horario laboral de 8 a 3 de 7 a 3?

Sra alcaldesa: eles teñen agora de 8 a 4.

Sra Iglesias Lema: a partir das 4 si os chaman é un voluntariado ou algo así

Sra alcaldesa: teñen de 8 a 3 traballo efectivo de 3 a 4 unha hora de disponibilidad, falo do persoal de fora

Sra Iglesias Lema: persoal do concello

Sra alcaldesa: en xeral

Sra Iglesias Lema: que traballa no concello

Sra alcaldesa: o persoal o laboral teñen efectivo de 8 a 3 e de 3 a 4 disponibilidad porque teñen que facer 40 h semanais respecto os funcionarios son 37.5 e traballan de 8 a 3 e logo teñen 2.5 horas de disponibilidad a semana

Sra Iglesias Lema: e si saen as 8 da tarde ou 12 da noite están cubertos?

Sra alcaldesa: evidentemente como algún funcionario cando hai un problema para solicitar unha subvención que se inicia o prazo as 12 de noite por orde de entrada, algún está conectado para poder facer ese traballo.

Sra Iglesias Lema: si nos pode contar tamén co que pasou co tema da Igrexa porque non entendemos esa polémica que houbo esa aclaración porque como a igrexa sempre pediu para a ofrenda para as flores non entendemos a polémica que pasou.

Sra alcaldesa: quen leva ese tema é Emilia, dende o Concello se está pedindo, púxose un número de conta e facendo un petitorio para as festas da Xunqueira, o que atopamos o problema que hai é que por parte bueno dos representantes dunha asociación vinculada a igrexa estaban cando fixeron as peticións correspondentes e según me comentaron facían tamén para as festas da Xunqueira cando era para o ano Xubilar, entón eso foi de forma reiterativa, reiterativa, reiterativa e logo sacaron unha publicación nas redes sociais no mesmo sentido pedindo para as festas, o que quedou claro naquela reunión que fixemos coa asociación Amigos da Xunqueira era que as festas as organizaba o concello e eles o ano xubilar.



Exp. 2022/G010/000009

Sra Iglesias Lema: dende sempre, dende estes tres anos que leva no mandato a igrexa este ano está facendo o mesmo que nos tres anteriores, pedindo que pidan eles para a igrexa non ten nada que ver, aparte o tema do libro non hai lugar a confusión porque o do concello é virtual e o libro da parroquia de Cee é físico, cal é confusión?

Sra alcaldesa: as queixas foron numerosas e as chamadas moi numerosas no sentido que lle estou decindo, noutros anos moi claramente por parte da igrexa non era ano xubilar non facía ningún tipo de revista, libro e pedían claramente que era para flores e actos litúrxicos, o que me conta a xente é que pediron literalmente para as festas, o que preguntan é si organiza as festas da xunqueira o concello, ou ten que dar cartos a asociación, se aclarou e punto, non hai mais problema

Sra Iglesias Lema: entrar nesta polémica a xente de Cee sabe que as festas as fai o concello de Cee coa axuda do pobo e todo o que queire axudar e si hai comisión moito mellor e a Igrexa vai por outro lado.

Sra alcaldesa: o que teñen que ter claro os veciños de Cee é que as festas son organizadas polo concello o que queire participar ou colaborar, non ten carácter obrigatorio hai un número de contra para o ingreso, a asociación vinculada a igrexa organiza o ano xubilar e hai que diferenciar as festas da Xunqueira do ano xubilar, nada mais.

Sra Iglesias Lema: está claramente diferenciado por iso hai que evitar esas polémicas.

Sra alcaldesa: xa está aclarado

Sra Iglesias Lema: si nos pode contar algo un pouco que están ca Relación de Postos de Traballo (en adiante RPT) se reuniu cos representantes sindicais o 21 si nos pode contar un pouco como vai o tema.

Sra alcaldesa: si nos reunimos cos representantes sindicais explicouse a necesidade de modificar unha parte do convenio concretamente o tema do quinquenio do persoal laboral por parte de intervención a RPT está informada favorablemente no sentido de que os quinquenios como saben perfectamente o resto de alcaldes sempre trae un problema, levantar un reparo de intervención entendo que non é posible manter o quinquenios que teñen que pasar trienios, a RPT ía no sentido de que se manteñen, se consolida a antigüidade ata agora e pasarían a trienios e por parte dos traballadores, dos representantes sindicais quedamos que tiñan para presentar alegacións ata o día 17/18 de agosto para poder reunirse por parte dos traballadores presentaron un escrito no concello, o persoal laboral, en que non están de acordo co tema do quinquenio que queren manter o tema do quinquenio entón pois nada, estamos nese punto.

Sra Iglesias Lema: e con respecto os funcionarios?

Sra alcaldesa: non me deron traslado de ningún tipo de alegación nin de nada, a RPT vai conxunta, vai nun e único documento ou se aproba todo ou non o que está claro é que o tema do quinquenio é unha modificación do convenio, dunha parte do convenio colectivo e é necesario acordo cos sindicatos si non é posible non podemos continuar co tema da RPT, a ver que pasa na seguinte mesa negociadora que será en setembro.

Sra Iglesias Lema: os funcionarios vai a subir de nivel algún funcionario? A todos?

Sra alcaldesa: creo que suben todos de nivel, melloran as condicións laborais,

Sra Iglesias Lema: en xeral melloran, pero fai distinción?

Sra alcaldesa: se regulariza a situación dos traballadores que estaban nunha situación bueno se regulan

Sra Iglesias Lema: imaxino que estará moi mirada moi estudiada, pero bueno esperemos que non pase o de sempre.

Sra alcaldesa: depende dos traballadores si queren chegar a acordo ou si non queren chegar acordo non pasa nada, siguen igual, non é cuestión que non teñamos RPT, xa temos unha si queren mellorar dentro da legalidade e cun informe favorable de intervención é posible si non é posible que acepten ese cambio a trienios porque teríamos un informe desfavorable por intervención pois non sería posible a modificación da RPT pero existe unha RPT, a RPT é un documento vivo, hoxe podemos chegar a uns acordos nuns determinados puntos e dentro duns anos mellorando as condicións laborais pero



Exp. 2022/G010/000009

dentro das posibilidades económicas que podamos ter, hai uns traballadores que na RPT melloran moito mais o seus salarios porque o tiñan mais baixos e outros menos porque o seu salario xa era alto

Sra Iglesias Lema: moi elevado?

depende

Sra Iglesias Lema: para función que desempeñaban?

Sra alcaldesa: aqueles traballadores que tivesen un salario mais elevado que correspondería na RPT se lle pon un Complemento persoal transitorio, que cando se saque a praza unha vez xubilados desaparece ese complemento persoal transitorio

Sra Iglesias Lema: respecto os funcionarios esperamos que non sexa pan para todos e sexa segun o cargo

Sra alcaldesa: sempre é así, non entendo esa pregunta

Sra Iglesias Lema: non sempre é así

Sra alcaldesa: para min si

Sra Iglesias Lema: Vde estivo aí a pe de cañón no estudo en todo momento

Sra alcaldesa: hai unha persoa Carlos Aymerich que está levando o tema da RPT e quen fixo o estudo correspondente foi el, e o considero que bueno, estamos nunha mesa negociadora e haberá cousas que hai que corrixir, outras modificar, outras mellorar outras están ben, como calquera RPT

Sra Iglesias Lema: en setembro preguntamos outra vez.

Sr Domínguez Louro: no pleno de maio no que a veciñanza non poido ver nas redes sociais nin en directo polos problemas técnicos falamos da obra que se vai acometer en Pereiriña esa obra que anda porriba dos 600000 euros e dixemos que nos daba pena que se faga agora unha obra e que en pouco tempo ou cando decidamos este pleno ou o seguinte a quen lle corresponda cando decida acometer o saneamento dese núcleo haxa que romper e desfacer parte da obra, fixemos esa reflexión e volvemos facela hoxe, queremos facer unha pregunta sobre esa obra, e sobre a rotonda que se anuncia no cruce que vai para Lires Touriñan e demais, porque se fai esa rotonda en base a que e quen a recomendou?

Sra alcaldesa: con respecto o tema de saneamento soamente hai unha parte que non ten saneamento dende despois da casa agora é dun fillo de Valentín ou un neto de Valentín ata Euronic, eso se faría despois o resto ten todo saneamento, no tema dese vial, con respecto o tema da rotonda quen o fixa é a Deputación, é unha obra da Deputación conforme a normativa e esixencias dos técnicos da deputación

Sr Domínguez Louro: onde se verten esas augas dese saneamento que existe?

Sra alcaldesa: as augas do saneamento, perdón estaba falando da traída de auga potable de saneamento non, perdón, teríamos que facer unha depuradora desculpe.

Sr Domínguez Louro: nada, dicíalle o da rotonda quen recomendou?

Sra alcaldesa: os técnicos da Deputación que estiveron aí, son os que fixeron e a esixencias das dimensións e todo foron os técnicos da deputación

Sr Domínguez Louro: por facer unha reflexión sobre esa rotonda, primeiro que se expropia bastante terreo porque senón unha rotonda de 28 metros non cabe, é un gasto de diñeiro considerable e despois que as rotondas son construción viais que se fan para mellorar o tráfico e sobre todo para evitar puntos conflictivos mellorar puntos conflictivos evitar accidentes, alí non recordo fai moitos anos ningún accidente por iso me chama moitísimo a atención e como terceiro punto creo que aquela rotonda naquel punto pode traer mais problemas que ventaxas, sobre todo no que ten a ver a diario coa circulación de vehículos pesados, trallers, hai moita actividade madeireira e pasa un 80% dos trallers que carrexan madeira e todos aqueles que van semanalmente a veces a diario a piscifactoria de Lires por eso me chama atención esa rotonda alí e sinceramente teño as miñas dúbidas que sexa efectiva e aquí neste concello xa temos suficiente experiencia con obras que se fan e despois non serven, entón deixo aí a reflexión nada mais, porque non haberá volta atrás e o que diga non cambiará nada



Exp. 2022/G010/000009

Sra alcaldesa: son decisións por parte dos técnicos da deputación e non son técnica para poder contestar a eso, habería que preguntar a les

Sr Pérez Martínez: entón os técnicos da deputación chegaron un día aí e déronse conta que facía falta unha rotonda

Sra alcaldesa: fixeron os estudos correspondentes non dun día para outro, fixeron seguimento do tráfico nesa zonas, eu dígolle o que me dixeron e me consta que estiveron

Sr Pérez Martínez: os recursos económicos son limitados, hai unhas prioridades, hai unhas demandas pola cidadanía cos recursos económicos limitados, deberíanse atender primeiro as demandas da cidadanía e non o que se lle ocorra a un técnico da deputación.

Sra alcaldesa: eso entra dentro de obras e viais, é unha carretera da deputación é unha mellora que fai

Sr Pérez Martínez: ninguén demandou unha rotonda e en Bermun fan falta outras cousas como saneamento e depuradora

Sra alcaldesa: pero eso non é competencia da Deputación, a deputación é competente para arranxar as súas vías

Sr Pérez Martínez: tería que buscar un sitio onde o saneamento estea arraxado e fagan por encima do saneamento pero facer unha obra e logo ter que desfacer, ten que haber unha orde de prioridades na construción dunha obra civil

Sra alcaldesa: tamén podemos nos marcar a prioridade no saneamento aí e cando estea aberta aproveitar para poñer esa tubaxe e nos sae mais barato, podemos aproveitar esa situación.

Sr Pérez Martínez: por exemplo, eu nunca vin demandar a ninguén unha rotonda nese sitio

Sra alcaldesa: é cuestión de estudos técnicos non vou repetir outra vez o mesmo habería que preguntar directamente a deputación.

Sr Pérez Martínez: alguén levaría alí a un técnico da deputación para poder facer unha foto porque senon non se entendo

Sra alcaldesa: o que din é que é necesario unha rotonda polo tema do tráfico

Sr Domínguez Louro: nas resolucións da alcaldía do mes pasado, aparecía unha reclamación sobre no proceso de selección dun traballador temporal da brigada de obras no APROL 2022, non vou entrar nas consideracións da persoa que reclama nin nas respostas do tribunal porque quero pensar e considerar que o tribunal foi o mellor para xulgar a proba pero nos comentan que por un lado que non se lle facilitou todos os epis necesarios as persoas que optaban a esa praza porque pediron guantes e parece ser que non había, non sei si Vde pode negar ou confirmar ese feito

Sra alcaldesa: non podo confirmar nin negar porque non estaba presente nin formo parte do tribunal como sabedes de sobra, evidentemente hai total independencia podo preguntar ou que fagan un informe correspondente en relación a esta pregunta que está facendo

Sr Domínguez Louro: si o queren facer

Sra alcaldesa: si quer que se faga llo digo senón non

Sr Domínguez Louro: ese proceso non ten volta atrás, meto enriba da mesa non poño dúbidas que sexa ou non certo

Sra alcaldesa: Si o resto das persoas que se presentaron tiñan todo o equipo esta persoa tamén tiña que telo

Sr Domínguez Louro: Pide uns guantes e parece ser que non llos dan porque non os hai, uns guantes nesas probas para eses traballadores

Sra alcaldesa: usted cree que iso foi o que decidiu a proba por parte do tribunal

Sr Domínguez Louro: Non digo que decidira a proba o que di o tribunal xa o lin, xa decidiu sobre iso, o que digo é que nos chegan esa reclamación e digo si ten constancia si non a ten, evidentemente non ten porque tela, pois para a próxima que os haxa porque é importante que sexa así, nos lanzamos tamén a proposta que para evitar ese tipo de reclamacións e non ter dúbidas de ningún estilo porque non é a primeira vez que hai reclamacións sobre ese tipo de probas e ademais propoñemos que nas próximas probas que haxa cando sexa se graven si ten que ir nas bases xa que vaia pero sobre todo



Exp. 2022/G010/000009

ese tipo evidentemente os exames escritos non pode ser pero as probas deste tipo ou probas exames orais si que se pode facer e así sairíamos deste problema que a veces se enquistan e parece que repetimos un ano tras outro, con isto so quero dicir que bueno que sería moi bo e positivo que se fixera iso e non costa tanto gravar esas probas e comprobar si esa persoa ten ou non guantes, si baixa a careta ou non como fi a reclamación e con esto non puño en dúbida para nada que o tribunal fixera o seu traballo, é por poñer un parche onde creo que hai un problema tomeo coma un rogo si o quer ter en conta. Po último algo pequeniño, a casa reitoral de Lires leva moitos anos abandonada, creo que sería bo e non quero entrar naquelo que xa pasou o principio do mandato do encontronazo da igrexa co tema de brens que creo que xa se tería que ter feito daquela e así o expuxemos nun pleno e que había que tomar medidas contra eles si eles toman contra nos, lexítima defensa digamolo asi, non quero entrar neso pero neste caso particular está aberto, con residuos de obras de cando se fixeron, e agora na volta desa casa reitoral hai familias que ten nenos pequenos e claro unha persoa adulta un adolescente non entra ali pero un rapaz que anda por ali si pode entrar e pasar algo ou incluso neste mes de agosto que Lires multiplica por dous a súa poboación poden pasar desgrazas que son fáciles de evitar poñéndose en contacto cos donos e decirlle que teñen que ter aquilo en condicións non sei si é tapiar, valar para evitar esto, porque despois a veces as cousas pasan e a casa reitoral e sobre todo o que ten o lado é bastante perigoso e pode haber un derrumbamento en calquera momento e non queremos que pase nada.

Sra alcaldesa: farei o requirimento para que previo informe da técnica correspondente, a arquitecta, se faga o requirimento o arcebispado para que tome as medidas.

Ás 20:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán